

**Píntegas e bolboretas na poesía galega de 1997 a 2007.  
Dez anos do premio “Concello de Carral”**

**Teresa Seara**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

SEARA, TERESA (2011 [2007]). “Píntegas e bolboretas na poesía galega de 1997 a 2007. Dez anos do premio ‘Concello de Carral’”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 40-49. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/412>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

SEARA, TERESA (2007). “Píntegas e bolboretas na poesía galega de 1997 a 2007. Dez anos do premio ‘Concello de Carral’”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 40-49.

\* Edición dispoñíbel desde o 10 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Píntegas e bolboretas na poesía galega de 1997 a 2007

## Dez anos do premio “Concello de Carral”

TERESA SEARA

IES Cabo Ortegal (Cariño)

Este texto foi lido o 5 de maio de 2007 como conferencia inaugural nos actos conmemorativos da X edición do Premio de Poesía Concello de Carral.

O Premio de Poesía Concello de Carral cumpre en 2007 dez anos de existencia e, con este motivo, revisamos os libros gañadores e os feitos que marcaron o espazo poético galego nesta década. Así, a discusión crítica sobre o papel desempeñado polos premios, as novas voces e a renovación da lírica que ofrecen as poetas, os grupos máis relevantes, a mestura da poesía con outras linguaxes (plástica, música) parella á superación das fronteiras intraxenéricas, a presenza da poesía nas editoriais e os selos de autor (Edicións do Dragón, Letras de Cal), así como a dimensión social, son temas tratados neste artigo que se inicia e remata aludindo a dous símbolos (a píntega e a bolboreta) presentes nas obras que gañan a primeira e a última edición e que nos dan idea do abrollar do propio certame desde a nada até a luz.

The *Premio de Poesía Concello de Carral*, or The Carral Poetry Prize, turns 10 in 2007. For this reason, we review the award-winning books and the achievements that have marked Galicia's poetic scene in the past decade. The article considers the following topics: the critical discussion regarding the role of prizes; new voices and the renovation of poetry; the most relevant groups; the mixture of poetry with other art forms (plastic arts, music) paired with overcoming intrageneric boundaries; the presence of poetry in publishing houses and independent publishers (Edicións do Dragón, Letras de Cal); and poetry's social dimension. I begin and end by alluding to two symbols (the salamander and the butterfly), which are present in the works that won the first and last editions. These symbols remind us that the contest emerged from nothing and bloomed in the light.

Todo comezou cun *Camiño de píntegas*, coma se este animal subterráneo e misterioso decidise abrollar á luz desde as escuridades que lle son propias. É a píntega un ser que encerra en si a fermosura do enigma e a repugnancia do veneno. Negra e amarela, case cega, vive na auga e nítrese da corrupción ou adopta, en moitas iconografías, a forma dunha criatura de fogo capaz de atravesar o lume e facelo fenecer. Por iso sempre se relacionaron con este animal os períodos de latencia e aqueles procesos necesarios para o agromar posterior das cousas. É así que o nacemento do Premio de Poesía Concello de Carral, ligado ao *Camiño de píntegas* con que Fernando Díaz-Castroverde o gaña na súa primeira edición, ten moito de simbólico como o avance dun ser abismal cara a unha nova luz co desexo de transformarse ao mesmo tempo en onda, conto, pel, póla, memoria, personaxe, carta..., todas elas fases evolutivas sucedéndose até o estado final da bolboreta.

Foi en 1997 cando o Concello de Carral viu a necesidade de convocar un Premio de Poesía que levase o seu nome. Por aquel entón, o vertixinoso ritmo editorial auguraba de novo unha fértil etapa para a poesía, xénero que viñera experimentando un pequeno *impasse* a finais dos anos oitenta e comezos dos noventa ao decaer o número de libros publicados, fenómeno que vai parello nesta época ao “silencio” de certas voces que foran moi prolíficas, no que á edición se refire, a comezos dos anos oitenta. Non en van, en 1997, publicáronse en Galicia máis de corenta e cinco libros de poemas, cifra que nos indica ás claras a existencia dunha gran vitalidade editorial favorecida por certos factores coma o aumento no número de premios, a estrea de coleccións dedicadas especificamente a este xénero, o labor de difusión levado a cabo por grupos coma o Batallón Literario da Costa da Morte ou, máis recentemente, as Redes Escarlata, a chegada de novas voces á poesía, etc.

Nos anos finais da década dos noventa, o mundo literario galego asistiría tamén ao debate sobre o verdadeiro papel desempeñado polos premios, dado que a súa proliferación comezara a ser sinalada polos críticos como unha das características definitorias deste momento. Dáse así por segu-

ro que os certames cumprían por entón, e tamén na actualidade, un importante papel á hora de descubrir voces novas e poetas inéditos e mesmo son un factor que afianza escritores xa coñecidos, dado que lles ofrece non só unha reafirmación na súa calidade senón a garantía de publicaren as súas obras. Neste sentido maniféstase, por exemplo, Ignacio Chao cando afirma en 1998 que “É cousa aceptada por tódolos autores e lectores que transitamos polo camiño da poesía que os premios literarios foron —e seguen a ser desde hai dúas décadas— o baluarte para que moitos poetas puideramos dar a coñecer a nosa obra. Sen eles, sen a aparición de novas coleccións, o xénero semellaba tomar rumbo cara a unha paisaxe de sombras” (Chao 1998: 29). Ao escribir estas palabras, sabía moi ben Ignacio Chao do que falaba, pois el mesmo foi descuberto como poeta ao gañar o premio Esquíu en 1998 por *Corazón de segundas partes*. Neste sentido, xa na súa primeira convocatoria, o Premio de Poesía Concello de Carral facía bo o xa dito recoñecendo a ópera prima de Fernando Díaz-Castroverde, un autor que acadara premios menores coma o San Clemente, o Meigas e Trasgos ou o da Asociación Cultural O Facho. E así convertíase o certame no que Francisco Martínez Bouzas definiu, nunha reflexión que publica co gallo de serlle concedido a Pilar Buela o premio Lueiro Rey, como “ese mal necesario pero insubstituíble” sobre todo tendo en conta que, como di o crítico,

[...] o sistema literario galego na actualidade dificilmente podería subsistir sen os premios literarios. Non son un aval de vendas seguras, como acontece con outros no ámbito peninsular, mais si unha plataforma, por veces a única, para os escritores, sobre todo os debutantes, dárense a coñecer. De non ser por eles, ducias de novelas, contos e poemarios nunca deixarían de ser textos para se converter en libros. Este papel de descuberta de neófitos na arte da escrita correspóndelles de maneira especial a aqueles premios máis modestos (Martínez Bouzas 2004: 3).

O papel de descuberta que sinala Martínez Bouzas nesta cita non é alleo ao Premio Concello de

Carral xa que nas dez edicións que leva convocadas a día de hoxe cumpre co requisito de revelar voces aínda inéditas como as do xa mencionado Fernando Díaz-Castroverde, Lucía Novas ou Marcos S. Calveiro. Pero tamén se irán achegando a el, conforme se afianza o seu prestixio, creadores xa recoñecidos. É o caso de Rafa Lema, Rafa Villar, Baldo Ramos, Eduardo Estévez, Xurxo Alonso, Isidro Novo ou Xosé Luís Mosquera Camba. Certamente, todos os premios son modestos cando comezan, por canto na súa primeira saída á luz acadan unha repercusión moi por debaixo das expectativas pero pronto remontan o voo e merecen a atención dos creadores e da crítica. Sen eles non terían saído adiante propostas tan atractivas como a que nos ofrece Fernando Díaz-Castroverde en *Camiño de pintegas*, un poemario pródigo en temas (a infancia, a casa, o paso do tempo, o amor) e que, case premonitoriamente, recolle na súa parte final unha chamada á viaxe que se podería aplicar ao propio Premio Concello de Carral nese ano da súa primeira convocatoria:

*En pé mareantes, Fingales paso firme,  
adiante, fóra áncoras  
que a mañá rompe rotunda  
e a néboa núa tésese de sal  
e peixe.*

(Díaz-Castroverde 1998: 49).

Tamén así, coma un mareante afouto, avanzaría polas dez estacións de paso que xa ten percorrido o Premio de Poesía Concello de Carral, un feito para nada fútil nunha literatura como a nosa afectada de múltiples males e que abunda en certames e galardóns de vida efémera. Mais a viaxe, felizmente, aínda continúa e dela agardamos novas sorpresas en sucesivas edicións.

Mais volvamos a 1997. Nese mesmo ano no que o Premio Concello de Carral comeza a convocarse producíronse varios feitos significativos polo que atinxe aos concursos que serían sistematicamente “ocupados” polos poetas novos. Así, por exemplo, Yolanda Castaño acadou o Premio Xohán Carballera con *Vivimos no ciclo das erofanías*, libro que gañou o Premio da Crítica Española ao mellor poe-

mario dese ano. O certame de Bueu premiaría na súa seguinte convocatoria a Emma Pedreira Lombardía con *Diario bautismal dunha anarquista morta*, recoñecendo así, en edicións consecutivas, dous nomes logo referenciais na poesía de fin de século. Como xa dixemos antes, tamén en 1997, o Esquífo foi recaer nun descoñecido Ignacio Chao, mentres que o accésit lle era outorgado a Miro Villar cunha obra, *Equinoccio de primavera*, que mereceu ademais o premio Tívoli Europa ao mellor poemario europeo publicado nese ano. Naquela altura, a editorial Espiral Maior convocaba o único certame dedicado en exclusiva a autores novos, menores de 35 anos e inéditos, que foi para Carlos Penela con *As linbhagens do frío*. Pola súa banda, Eduardo Estévez, que gañaría a sexta edición do Premio Concello de Carral, mereceu en 1997 o accésit do Premio González Garcés, o Losada Diéguez recaeu en Olga Novo por *Nós nus*, Rafa Villar —tamén galardoado co Concello de Carral na súa terceira edición— alzábase co premio especial Cinquentenario de *Cómaros Verdes* e descubrimos a Modesto Fraga ao gañar o Avelina Valladares. Polo tanto, todos estes poetas verán como se inicia ou consolida nesta época unha carreira literaria que ten nos premios os seus máximos valedores.

Ademais, nos dez anos que van desde 1997 até hoxe apareceron outros galardóns que sumar a esta lista como son, por citarmos só os máis relevantes, o Fiz Vergara Vilarino que comeza en 2000, o Uxío Novoneira fundado en 2001 ou o Caixanova que se convoca por primeira vez en 2002. Con eles complétase unha nómina de concursos que rolda, a día de hoxe, a ducia. Mais este aumento nos premios suscitou tamén unha seria controversia entre a crítica que, a cada pouco, se cuestionaba as virtudes e os defectos destes certames. Nun prato da balanza puxéronse factores como a descuberta de novos poetas, a publicación das obras, a repercusión nos medios que o premio acadara; no outro, situábanse os riscos negativos como o feito de estaren os xurados formados sempre polas mesmas persoas (até o punto de chegar a falarse de “profesionais dos xurados”), a pouca calidade das obras gañadoras (non sendo gratuíta, neste sentido, a afirmación de que non existe poeta que non fose premiado nun ou noutro concurso) e o número excesivo de certames. Neste último punto afonda Dolores Vilavedra cando afirma que

Polo demais, os premios literarios seguen inzando como cogomelos, especialmente os poéticos, no ronsel da actualidade que cobrou este xénero

gracias ó incansable labor de promoción ó que se entregaron con xenerosidade e talento pouco convencional as novas xeracións. Por cada poeta morto, un premio co seu nome [...]; en principio nada que obxectar, agás as eternas cuestións: ¿dá para tanto o país? ¿para tantas obras, para tantos lectores? ¿non estamos diluíndo, con tanta proliferación, o valor discriminatorio que os premios deben ter? Un debate valente e público sobre este tema entre tódalas instancias implicadas —autores, editores, institucións convocantes e sufridos lectores— é hoxe máis preciso que nunca.

(Vilavedra 2001: 72)

As preguntas que formula Dolores Vilavedra nesta cita non teñen hoxe en día resposta ou quizais sería cousa, como ela mesma afirma, de procurala entre todos os que formamos parte, dunha ou doutra forma, do sistema literario galego.

Nos anos noventa vai continuar activa a tendencia a formar grupos poéticos que xa comezara a manifestarse na década anterior con exemplos como Rompente, Cravo Fondo ou Alén. Así, nomes como os de Blas Espín, o Batallón Literario da Costa da Morte, os Colectivos Sacou e Humilladoiro, os grupos Sete Naos, Santa Compañía, Dolmen ou Serán Vencello, ademais das Redes Escarlata, irán aparecendo ao longo destes últimos anos. O papel de pioneiro no que respecta aos grupos poéticos que agroman no último período do século XX cúmpreo Blas Espín que xorde no 1992 ao abeiro da Asociación Xuvenil PX da Ponte do Porto. Ao seu arredor aglutinaría 15 autores novos presididos por Rafa Lema, poeta galardoado na segunda edición do Premio Concello de Carral por *Atlántida*, que comparten o desexo de promover a poesía a través de recitais ou mesmo editando obras e *plaquettes*. Todos eles amosaban a súa devoción polo Romanticismo vinculado con certos sentimentos nacionalistas, como deixan patente a través dun manifesto onde fan residir o seu afán poético en tres puntos esenciais: vitalismo (ou facer unha “poesía de sangue, de vida”), sincretismo entre tradición e renovación, e surrealismo vinculado ao soño dun país mellor. Búscase así dalgún xeito esa *Atlántida* que lle dá título ao poemario de Rafa Lema, ese caderno de bitácora das singraduras dun eu que, como di nun texto, leva “Palabras de sal en toda a boca/ E a boca aberta e presa de palabras” (Lema 1999: 43).

Tamén son de sal as palabras dos que formaron o Batallón Literario da Costa da Morte, o grupo máis relevante nos anos finais da década dos noventa e

que, desde a súa orixe en 1996, reúne arredor de corenta persoas con inquietudes creativas que forman, segundo denominación de Eric Casais, un “conglomerado interxeracional” (Casais 1997: 81). Entre eles dáse un predominio case absoluto dos poetas, algúns xa coñecidos (como Estevo Creus ou Miro e Rafa Villar —que sería galardoado co premio Concello de Carral na súa terceira edición) e outros noveis (coma o caso de Modesto Fraga, María Lado ou Mónica Góñez). O obxectivo primordial do grupo era, en palabras de Rafa Villar, o de “traballar por descubriremos nas xentes —e se for preciso, por descubrírmolles— que nas súas mans e nos seus corazóns está a poesía” (Villar 1997: 27).

Cunha lembranza desde o seu propio nome ao Batallón Literario de Santiago, corpo universitario armado composto unicamente por literatos que se xunta en 1808 para loitar contra a invasión francesa, o Batallón Literario da Costa da Morte vai desenvolver un arduo e excepcional traballo para dinamizar a literatura galega. Por poñermos un exemplo, só en 1997 organizaron arredor duns cincuenta recitais poéticos en todo tipo de espazos, publicouse o primeiro volume colectivo —*Nós*— e representaron a Galicia no Encontro Iberoamericano de Cultura celebrado na cidade cubana de Holguín. De aí saíu o proxecto do libro *Mar por medio* que viu a luz en 1998 e onde comparten espazo con varios poetas cubanos. A edición da folla voandeira *Feros Corvos* e a convocatoria anual do Encontro de Escritores e Escritoras da Costa da Morte foron outros eventos importantes que o grupo levou a cabo durante os catro anos que estivo en plena actividade e cumpriu, como di Miguel Louzao, o papel de “auténtico motor da difusión da poesía no último lustro da década de noventa” (Louzao Outeiro 2006: 68).

A orixe do Batallón Literario da Costa da Morte hai que buscala no desexo de cambiar unha realidade que, naquela altura, constituía un camiño de obstáculos para os novos creadores. Desta maneira, pouco despois de ser fundado, Rafa Villar explicaba que

O Batallón Literario da Costa da Morte xurdiu dun inconformismo, da necesidade radical de ir *máis alá*. Naceu de deostar unha realidade socio-literaria que era unha paisaxe de deserto, e na que logo de quilómetros de areas o único oasis que se percibía era só unha ilusión, unha miraxe que ao que nos achegábase desaparecía como se esvae o fume dunha cheminea contra o ceo.

A nosa iconoclastia é, logo, unha descrenza: a negación de que non é posible o camiño, a uto-

pía. Somos por xeración humana, a primeira a que se nos dixo que non era tempo de revoltas, que no había revolución ou que non era necesaria.

(Villar 1997: 27)

Os outros colectivos desta época tiveron obxectivos, pretensións e fortunas moi dispaes. Así, por poñer un exemplo, se Sete Naos era un grupo de adolescentes descoñecidos que quería publicar un libro conxunto, Dolmen aglutinaba autores ourensáns máis entrados en anos, e as Redes Escarlata nacen coa intención de influír sobre a sociedade non só no aspecto poético e reúnen moitos membros, algúns deles con tanto peso literario coma Xosé Luís Méndez Ferrín ou Chus Pato. Mais o labor dos grupos e colectivos poéticos non pasaría desapercibido para a crítica que sinala, como unha característica propia dos anos noventa, a tendencia ao agrupamento que manifestan os novos autores. Mesmo Miguel Louzao establece unha diferenza entre estes e os seus inmediatos precedentes por canto

os poetas que entraron no campo literario nos oitenta atoparon un campo poético case ermo (só ocupado por poetas maduros xa amplamente consagrados da *Xeración do 1936*, xa nun número moi reducido por cuestións biolóxicas, e, sobre todo, da *Xeración das Festas Minervais* [...]) e nun proceso de normalización despois dos restos dun socialrealismo en vías de desaparición na década dos setenta, algo que estes novos poetas conseguiron facer nos poucos espazos literarios que existían, ou que crearon, e que de seguida lles abriron as portas. Fronte a isto os poetas que comezaron a publicar nos noventa encontráronse cun campo editorial de extrema debilidade e no que debían loitar cun grupo importante de poetas aínda novos que ocupaban de facto o centro do sistema literario e que non querían deixar de ocupalo. De aí que a tendencia aos grupos fose maior nos noventa, porque precisaban gañar espazo no campo poético de forma colectiva, e promover [...] o seu activismo en recitais e outros actos similares, para chegar a ese público novo.

(Louzao Outeiro 2006: 69)

Unha das actividades máis “mimadas” por parte dos grupos e colectivos poéticos é a dos recitais que se producen nos últimos anos en gran cantidade e que chegan a celebrarse en lugares até o de agora non habituais. O contacto co público é

esencial á hora de difundir a obra e o labor dos autores, e Helena González chegará a apuntar a volta á oralidade coma un factor a ter moi en conta nesta altura.

Semella que nos últimos tempos os poetas máis novos teñen tendencia a fuxir da soidade, traballan arreo na creación de plataformas [...] e amosan unha especial teima no achegamento ós oíntes, é dicir, na recuperación da oralidade como canle comunicativa privilexiada entre o poeta e o lector (agora oínte). [...] Moito se vén falando nos últimos tempos de que é precisamente a volta á oralidade, non só como estratexia discursiva (que o poema escrito pareza dito, que manteña a naturalidade da conversa), senón tamén como interacción co público. Este achegamento á realidade, este fuxir das alturas e do cripticismo van, este interese por ter en conta ó público só lle fai ben ó xénero.

(González Fernández 1997: 277)

Nesta popularización do encontro dos creadores co público ten gran parte de culpa o labor dos grupos, pero tamén o desexo por recuperar o matiz de oralidade que a literatura tivo en épocas remotas. Así, e volvendo á obra que gaña o Premio Concello de Carral na súa terceira convocatoria, *Días de Sherezade* de Rafa Villar, as palabras deben ceibarse nun acto de salvación parello ao que poñería en práctica cada velada Sherezade engaiolando o Sultán cun conto inconcluso que se prolonga durante mil e unha noites. Escribe Rafa Villar:

*Sobrevén a noite  
asustada de sombras*

*e o que les  
para min  
sherezade  
son incendios de mar*

*restos  
dunha linguaxe feroz  
que nos traspasa.*

(Villar 2000: 47)

A procura dunha personaxe feminina da literatura universal para profundar na súa historia insire a Rafa Villar nunha liña temática que será moi común entre as poetas que se dan a coñecer ben entrados os anos noventa. Así, autoras como Estíbaliz Espinosa, Marta Dacosta, Emma Pedreira

Lombardía ou Marilar Aleixandre, entre outras, comparten o gusto por situar no centro dos seus poemas mulleres arquetípicas que, procedentes do mundo da mitoloxía, da literatura clásica ou dos contos de fadas, ven reescrita a súa historia desde un punto de vista anovador. Neste sentido, a pioneira foi Xohana Torres quen, en 1992, sitúa en *Tempo de ría* o poema “Penélope”, onde esta personaxe exclama: “EU TAMÉN NAVEGAR!” (Torres, 1992: 19). Moitas outras seguirían o seu ronsel e nomes coma os de Ofelia, Carapuchiña Vermella, a raíña Xenebra, Sherezade, Brancaneves, etc. foron ocupando textos onde se examina a súa realidade desde unha óptica que as converte en figuras centrais, libres para falar e sentir, para desbotar o papel que atavicamente lles fora imposto pola sociedade patriarcal. Así, as que un día representaron a obediencia, a espera fiel, a restrición da liberdade, o medo ao descoñecido, os perigos do pensamento, a inocencia... experimentan agora coa súa voz para expresar, sen tabús, o que desexan.

Mais non se esgotan nesta temática as achegas que as escritoras lle farán á poesía galega de fin de século, xa que no seu fardel acubillan novos matices para o tratamento do intimismo, o cultivo da reflexión metapoética ou a presenza da crítica social. Ademais, vai ser determinante nas súas obras o feito de reivindicar as outras, aquelas mulleres que se atreveron a vivir á súa maneira e foron por iso rexeitadas pola sociedade, é dicir, as putas, as perversas, as bruxas, etcétera. Por outro lado, algunhas poetas van converter os procesos fisiolóxicos propiamente femininos en estratexias de auto-representación que as individualizan a respecto dos homes. Con todo, é no tema erótico onde se observa unha maior renovación grazas ás contribucións das autoras que, por un lado, utilizan unha linguaxe carente de eufemismos e, polo outro, obrigan ao eu a expresar, de forma vivencial e directa, as súas sensacións máis íntimas, logrando así que este deixe de ser o obxecto de desexo de quen o observa e describe para converterse no suxeito das accións. Exemplos desta temática témolos nas obras de autoras tan dispares como Xela Arias, Yolanda Castaño, María Xosé Queizán, Emma Pedreira ou Lucía Novas quen gañou, con *Epiderme de estío*, o Premio Concello de Carral na súa cuarta edición. Nesta obra, a escritora utiliza unha simboloxía clásica vinculada ao mundo do mar para facer explícita a sensación de plenitude do eu, coma nestes versos:

*Morabamos nós naquelas horas acesas e puras  
e deixámonos voar entre a tepidez do momento.*

*¿Vías as estrelas de mar que fluctuaban entre os corpos?*

*A cor transparente, a flor de auga, a inundación de luz...*

(Novas 2001: 19).

E así, o eu imprégna-se de cores e de liñas que o debuxan todo, dunha luz a estalar sobre a páxina en branco para, coas súas filigranas, crear o mundo enteiro, tal e como fai o pintor e escribe o poeta. A imbricación das distintas artes é un feito que comeza a experimentarse nos últimos anos do século aínda que dunha forma aínda bastante tímida. Neste sentido cumpriría lembramos o labor que está a desempeñar, no campo da poesía visual, a Corporación Semiótica Galega que, desde as terras do Salnés, ten dado á luz varios volumes deste teor como *De-funcionario*, *SPOT* e *Publipoemas*, ademais de centrarse no campo do “mail art” ou “arte correo”. Nestas obras, a convivencia entre imaxe e texto é total até o punto de non ter sentido unha sen a outra, xa que ambas as dúas, malia pertenceren a diferentes niveis expresivos, buscan a plurisignificación total. Outros autores que tamén se teñen interesado por esta tendencia, alternándoa coa escrita máis clásica, son Xosé María Álvarez Cáccamo, Lino Braxe, Elvira Riveiro ou Xurxo Alonso, que gañou o Concello de Carral na súa sétima edición. Con todo, e agás os catálogos de certas exposicións ou os libros de autor, a maioría destas obras deben procurar acubillo en internet, xa que os selos xeralistas raramente se ocupan de publicalas.

Un autor recoñecido e destacado nos campos da poética e da plástica é Baldo Ramos, que gañaría o Premio Concello de Carral na súa quinta edición con *A árbore da cegueira*. Nesta obra o poeta pescuda a liña que divide a “memoria imprecisa” do “silencio abafante”, porque ás veces a palabra non chega para a expresión da dor e tórnase espello, coma nestes versos:

*No fondo da palabra  
atopáras a túa propia ollada  
observándote.*

(Ramos 2002: 72)

É esa ollada que se mira a si mesma a través da palabra a mellor imaxe simbólica que representa o afán dos poetas por experimentar, desde os anos noven-

ta, coas novas linguaxes e con outras formas expresivas. Aí están os vídeo-poemas de Yolanda Castaño e tamén o seu libro-disco *Edénica* que, en 2000, sorprendía ao mundo literario galego ao cantar a autora os seus textos con música de José Antonio Fernández Calero. Algúns espectáculos como “A caricia da serpe” de Lino Braxe abundan na mestura entre palabra e melodía e aproxímanse ao terreo doutras manifestacións máis claramente teatrais como son as *performances*. Nesta década que estamos a revisar foron múltiples os espectáculos deste teor construídos sobre a palabra poética mais citaremos só dous, por ser neles a poesía o elemento central. Trátase de “Lob@s”, onde Ana Romani e Antón Lopo utilizan textos propios e alleos acompañados de vídeo, diapositivas e música, e “O ouro das tribos”, lectura de poemas de Omar Kayyam e *haikus* xaponeses con interpretación de varias pezas musicais, mentres o pintor Correa Corredoira elaboraba en vivo diante da concorrência un mural formado por varias pezas que se ensamblarían no final do acto.

Nos últimos anos a popularización da internet ofrece o seu uso como espazo privilexiado para que os poetas poidan difundir os seus textos a un número grandísimo de visitantes potenciais. Trátase así de paliar un problema que parece xa crónico nas letras galegas e que é o desinterese das editoras por tirar do prelo obras de poesía co pretexto de non seren estas rendibles a nivel editorial, feito desmentido desde a súa creación por Espiral Maior, o único selo que desde o primeiro momento privilexiaría este xénero no seu catálogo. Fundada en 1991 por Miguel Anxo Fernán Vello, Espiral Maior mereceu en 2001, co gallo de publicar o volume número cen na súa colección Poesía, as seguintes palabras de Carlos Bernárdez: “Espiral Maior chega ao seu número 100 na colección de Espiral Maior Poesía, e iso é, xa de seu, un acontecemento salientable dentro do noso panorama cultural, no que esta colección é un fito indiscutible na historia da nosa moderna poesía e que, desde comezos da década dos noventa, ofreceu unha plataforma privilexiada a poetas de todas as xeracións e tendencias, incluídas as *novísimas* promocións xurdidas na pasada década” (Bernárdez 2001: 26).

O amplo catálogo de poemarios que leva o emblema da espiral abrangue tanto a obra de autores xa consagrados como a dos poetas noveis, volumes que gañaron en distintos certames —entre eles, o Premio Concello de Carral—, traducións, antoloxías e obras completas. Por iso Dolores Vilavedra, Iolanda Ogando e Xabier Cid, nun artigo conxun-

to, falarían dela como da “imprescindible reserva que toda cultura precisa para sobrevivir” (Vilavedra, Ogando e Cid 1997: 61).

Con todo, e malia o gran labor asumido por Espiral Maior, o tema da falta de oportunidades para publicar poesía é recorrente e volve á actualidade unha e outra vez en momentos puntuais como sucede, por exemplo, cando se pechan coleccións destacadas —así pasou ao desaparecer Leliadoura do catálogo de Sotelo Blanco— ou se fai pública a crise que sofren selos emblemáticos —como lle aconteceu a Espiral Maior en 2003. Mais, por volta de 1997, cando non eran poucos os autores que lograban publicar as súas obras grazas aos premios ou recorrían á auto-edición, conflúen dous feitos fundamentais que veñen dinamizar o espazo editorial galego. Por un lado, en 1996, Xerais poñía en marcha a colección Ablativo Absoluto; polo outro, en 1997 xurdía o proxecto cooperativo de Letras de Cal.

A colección Ablativo Absoluto abrangue un fondo editorial de 25 libros que foron saíndo á luz entre 1996 e 2002, ano no que desaparece. Dirixida por un consello formado maioritariamente por poetas novos, o seu obxectivo era dar acubillo a obras innovadoras, á tradución de autores relevantes e mesmo publicaron a antoloxía *A tribo das ba-leas*. Pola súa parte, Letras de Cal nacía da unión, en forma de cooperativa, de 18 mozos, a maioría poetas —como Rafa Villar, Yolanda Castaño, Emma Couceiro ou Eduardo Estévez—, que fundaron a Asociación Cultural Amaía para posibilitar a posta en marcha deste proxecto. Os motivos da súa creación estaban claramente explicados na páxina web da editorial:

Letras de Cal xorde da constatación de que os novos poetas non teñen doado salvar a necesidade de acceder ao libro impreso.

Mediados os anos 90, un número considerábel de novos autores irrompen na escena literaria galega, en recitais, edicións colectivas, grupos de acción cultural. Mais, a medida que esas novas voces van se consolidando, as limitacións do sistema editorial galego para responder ás súas necesidades de edición fanse máis e máis evidentes.

Dende había xa uns anos, só Espiral Maior publicaba poesía con regularidade. Algunhas outras editoriais tiñan coleccións de poesía mais publicaban (e publican) só un ou dous títulos ao ano. E mesmo as editoriais máis emblemáticas da nosa literatura relegaban a poesía a un segundo plano inmerecido.

Non só os novos autores atopaban problemas á hora de publicar.

Mais o colectivo era claramente o máis prexudicado.

(www.letrasdecal.iitalia.com)

Entre 1997 e 2002, Letras de Cal conseguiu tirar do prelo 12 poemarios e dúas antoloxías: unha de poetas vascos (*A ponte das palabras*, 2000) e outra de poetas galegos novos (*dEfecto 2000*). Todas estas obras, de coidado formato e prezo popular, se ían autofinanciando unhas coas vendas das outras, e foron distribuídas non só a través da canle habitual das librarías senón por medio de recitais-presentacións feitos por toda Galicia. Para alén dos libros que chegaron a publicar, da convocatoria dun premio de poesía co seu mesmo nome e da gran publicidade que fan das súas obras, o selo Letras de Cal acadou outros logros pois, como afirma Miguel Louzao, estes autores “Entraron nos xuris dos ‘novos’ premios literarios, editaron ou promoveron a edición de libros colectivos onde a súa obra estivese presente, actuaron (algúns) como críticos literarios ou mesmo antólogos das súas obras e dos seus pares e, finalmente, conseguiron privilexiar os materiais repertoriais que promovían” (Louzao Outeiro 2006: 193). Pola súa parte, Dolores Vilavedra, Iolanda Ogando e Xabier Cid destacan que a existencia de Letras de Cal “permite que publicar poesía hoxe en Galicia non sexa o simple resultado de agardar turno pacientemente nunha editorial ou de resultar afortunado na sempre azarosa concesión dun premio” (Vilavedra, Ogando e Cid 1997:61).

Como xa dixemos, entre os nomes próximos ao proxecto de Letras de Cal figura o de Eduardo Estévez, que gaña o Premio Concello de Carral na súa sexta edición con *Derrotas*. Neste libro, ademais da memoria e do amor que son temas centrais, aparece tamén a reflexión sobre o feito de estar o poeta predestinado a vivir sempre nun mundo de palabras, coma nestes versos:

*É fráxil este meu  
destino de palabras  
[...]  
e o poema terá logo  
a minuciosidade  
das construcións do pensamento  
e a perfección  
do desexo.*

(Estévez 2004: 43)



Entre a minuciosidade e a perfección do desexo que todo creador manifesta na súa obra, movíanse as carpetas artesanais editadas polas Edicións do Dragón que foron o inmediato precedente de Letras de Cal, pero tamén outros espazos que, nos últimos anos, posibilitaron aos poetas publicar as súas obras. Trátase de coleccións como Bahía branca, Tambo, Noitarenga, Nume que, ademais das vinculadas a algúns premios (coma o caso do Eusebio Lorenzo Baleirón que atopa acubillo nas Edicións do Castro, do Esquíu ou do González Garcés patrocinado pola Deputación da Coruña), viñeron sumarse a Libros da Frouma, Dombate ou Di-versos, onde Positivas aposta pola escrita máis vangardista. Nesta época, a vangarda literaria maniféstase na busca de novas formas para o texto que pretenden superar as fronteiras entre os xéneros clásicos considerados xa obsoletos. Así, non é estraño ao poema o gusto pola narrativa, como demostra Xurxo Alonso no seu *Breviario de Aldemunde* que gañou a sétima convocatoria do Premio Concello de Carral. Nesta obra recórrese a unha impostura xa clásica na narrativa: a existencia dun manuscrito anónimo que se atopa entre as roupas dun solitario camiñante que chega a Compostela en 1917 e que se transcribe traducíndoo desde unha lingua estraña. As discusións sobre a existencia ou invención de Aldemunde como territorio, o limiar do Departamento de Linguas Mortas da Universidade de Santiago onde se dá conta das probas ás que se someteu o manuscrito para determinar a súa autenticidade e as necrolóxicas de Adulterino Ferrón son elementos que entran no xogo entre ficción e realidade propio da novela e que aquí se traspaasa ao poema. Así, di un texto,

*De seguido vai unha mostra  
que leredes se algún día os ventos son propicios,  
das necrolóxicas que dictei,  
algúns exemplos para gardar a memoria  
desta comunidade claustrofóbica,  
pechada, endogámica e ensimesmada,  
pero que de vez en cando  
ben sexa por causas do azar,  
da xeografía inabarcable,  
do clima impredecible  
ou do humor sempre caprichoso dos deuses,  
nítrese de xente e sangue nova,  
de individuos curiosos, de homes inquedos,  
de raros personaxes, cultos apátridas,  
seres imaxinativos que acabaron creando  
entre todos ese invento que deron en chamar  
Aldemunde.*

(Alonso 2005: 37)

Neste interese por experimentar a imbricación da lírica con outros xéneros máis próximos ao terreo da narrativa tamén recunca a obra que gaña a oitava edición do Concello de Carral, *Cartas do terceiro día* de Marcos S. Calveiro. Neste caso, o autor utiliza o molde epistolar para poñer de manifesto a submisión dunha moza chinesa que debe abandonar a súa familia por causa do matrimonio amañado cun vello. A nai e as irmás cruzan con ela varias cartas nas que a animan a soportar unha situación de maltrato e desprezo constante. E así aconséllanlle:

*Pensa no que agochas  
no teu interior,  
naquelo que queda e conservas  
na túa gabeta secreta,  
luz e candea dos días que agardan,  
da longa existencia da túa condena  
xunta un home que odias,  
maldices e penas.*

(Calveiro 2006: 32)

A presenza da temática da violencia de xénero en varias obras da actualidade demostra que a poesía social non é hoxe por hoxe unha tendencia obsoleta na literatura galega, senón que os poetas están atentos á realidade para achegar a súa voz crítica cando é preciso. Así, malia desbotarse nos anos oitenta por xa esgotado o molde do socialrealismo, segue en vigor o compromiso dos escritores con causas contemporáneas a eles mesmos. E neste sentido, dous van ser os temas fundamentais tratados na actualidade: por un lado, a violencia de xénero que sobrancea no libro colectivo *Polifonías* (2006) ou en poemarios de Miguel Sande (*Hoxe, que vén vento do sur*, 2006) ou Medos Romero (*O pozo da ferida*, 2006) e, polo outro, o desastre ecolóxico causado polo petroleiro *Prestige* e que motivou unha reacción unánime da comunidade literaria. Mais tamén teñen o seu espazo entre os versos de tipo social os máis desfavorecidos, o antimilitarismo, as guerras, os colectivos de inmigrantes ilegais que nos abordan, os mendigos, etc.

Moitas foron as voces que, entre 1997 e 2007, se achegaron por vez primeira á escrita. Algunhas xa foron aparecendo ao longo desta conferencia, outras como as de Helena de Carlos, Manuel Darriba, Cristal Méndez Queizán, Carlos Negro, Claudio Pato, María do Cebreiro, Anxos Romeo, Isolda Santiago, Ana Santorum, Alexandre Nerium, Olga Novo, Pedro Rielo, Antía Otero, Maite Dono, Olalla Cociña ou Lucía Aldao virán engrosar as arcas da

boa poesía neste momento. Igualmente, non faltan autores que, procedendo da prosa, van cultivar o xénero poético como Marilar Aleixandre ou Isidro Novo, que gaña o premio Concello de Carral na súa novena convocatoria con *Esteiro de noites falecidas* (presentado co lema *Ou morrerán as bolboretas por non teren que as mirenen*). É este un poemario do desacougo, da falta de perspectivas de futuro, da perda do amor e do pesadelo da derrota que se expresan en versos coma estes:

*Noite  
é todo o silencio  
que escurece as nosas horas.*

(Novo 2007: 33)

En forma de elexía polas perdas, lembraremos, antes de concluír, a aqueles que nos deixaron orfos da súa palabra. Así, en 1997 morría na súa Lóuzara xabreira Fiz Vergara Vilariño e tamén o poeta máis urbano da Xeración dos 80, Lois Pereiro. No 1999 os eidos despediron ao seu cantor Uxío Novoneira e en 2003 tomounos por sorpresa o falecemento de Xela Arias. Foi 2004 un ano de loito coas perdas de Luísa Villalta, Manuel María e Antón Tovar, e

en 2006 mergullábase Pura Vázquez no desmemoriado río que a levou no seu tránsito. Todos eles ficaron en visos como bolboretas seducidas pola luz até abrasárense.

E se todo comezou cunha píntega que abandonaba o mundo das tebras para asomarse á luz, un ser que se metamorfosea en distintos estadios até chegar a converterse na soñada bolboreta, agora esta voa xa con ás firmes. Tamén é a bolboreta un ser enigmático que primeiro pertence á terra e logo procura a súa natureza aérea. Mais, do casulo ao voo hai todo un proceso de construírse en múltiples ciclos que son lentos como a sucesión das horas, como as ás aínda húmidas que se moven na brisa e causan estragos a miles de quilómetros de distancia. Xa o dixo Edward Lorenz, hai que ter moito coidado co efecto bolboreta pois as súas repercusións sonlle incógnitas a quen fica seducido pola beleza das súas formas. E así,

*Cada hora a ferirnos  
arrebátanos unha bolboreta do corpo canso,  
o viño fresco bebido  
procura ánforas máis novas.*

(Díaz-Castroverde 1998: 14) ■

## Referencias bibliográficas

- Alonso, Xurxo (2005). *Breviario de Aldemunde*. Culleredo-A Coruña: Espiral Maior.
- Anónimo. “Que é Letras de Cal...” Consulta: 27-IV-2007. <http://www.letrasdecal.iitalia.com/queldc.htm>.
- Bernárdez, Carlos L. (2001). “Fermosamente escéptico”. *Guía dos Libros Novos* 27: 26.
- Calveiro, Marcos S. (2006). *Cartas do terceiro día*. Culleredo-A Coruña: Espiral Maior.
- Casais, Eric (1997). “O Batallón da Costa da Morte”. *La Voz de Galicia* (4-VI-1997): 81.
- Chao, Ignacio (1998). “Pasaxeiros da lírica”. *La Voz de Galicia* (12-VI-1998): 29.
- Díaz-Castroverde, Fernando (1998). *Camiño de píntegas*. A Coruña: Espiral Maior.
- Estévez, Eduardo (2004). *Derrotas*. A Coruña: Espiral Maior.
- González Fernández, Helena (1997). “Dos leóns e das baleas que forman o batallón”. *Grial* 134: 275-277.
- Lema, Rafael (1999). *Atlántida*. A Coruña: Espiral Maior.
- Louzao Outeiro, Miguel (2006). *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Martínez Bouzas, Francisco (2004). “Ácaros verdes: unha estrea máis que prometedora”. *El Correo Gallego*, Supl. “Correo das culturas” (25-I-2004): 3.
- Novas, Lucía (2001). *Epiderme de estío*. A Coruña: Espiral Maior.
- Novo, Isidro (2007). *Esteiro de noites falecidas*. Culleredo-A Coruña: Espiral Maior.
- Ramos, Baldo (2002). *A árbore da cegueira*. A Coruña: Espiral Maior.
- Torres, Xohana (1992). *Tempo de ría*. A Coruña: Espiral Maior.
- Vilavedra, Dolores (2001). “Seitura de follas”. *Tempos Novos* 51: 72-76.
- Vilavedra, Dolores; Ogando, Iolanda; Cid, Xabier (1997). “Literatura: crónica para o tempo de inverno”. *Tempos Novos* 7: 58-65.
- Villar, Rafa (1997). “A experiencia da poesía desde o Batallón Literario da Costa da Morte”. *A Nosa Terra* (16-X-1997): 27.
- (2000). *Días de Sherazade*. A Coruña: Espiral Maior.